



PLAN DIGITAL

C.E.I.P PLURILINGÜE DE CARNOTA

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do Centro: CEIP Plurilingüe de Carnota
- Situación: Praza de San Gregorio nº 20, Carnota
- Datos de Contacto:
- Teléfonos: 881866795-881866796.
- Fax: 881866797
- Correo electrónico: ceip.carnota@edu.xunta.gal
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcarnota/>
- Etapas educativas: Educación Infantil (2 unidades por catálogo, 3 en funcionamento) e Educación Infantil con 6 unidades, unha por nivel..
- Profesorado formado por 13 mestres e mestras, con destino definitivo no centro. Profesorado de Relixión e AL itinerantes procedentes doutros centros. provisionalmente profesorado ARCO e dúas mestras para a terceira unidade de E. Infantil e Apoio a Infantil.
- O centro atópase no núcleo urbano da localidade de Carnota, cerca do Concello e do Centro de Saúde. Consta de dous edificios principais para uso educativo e dous máis de menor tamaño que funcionan como almacéns. Escolariza ao alumnado do Concello desde a parte sur, zona leste e polo norte ata a zona de Vadebois, aínda que recibe alumnado de fora da zona de escolarización. Abarca a etapa de Educación Primaria e o segundo ciclo da Etapa de Educación Infantil. No Concello hai ademais outro centro que escolariza tamén a alumnado destes niveis e un centro para o alumnado do primeiro ciclo de Educación Infantil e un centro de Educación Secundaria Obrigatoria.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- A poboación ten unha tendencia a diminuír dado o alto porcentaxe de xente maior. Os sectores predominantes son o sector primario (sobre todo relacionado coa pesca) e o sector servizos, aínda que hai algunhas empresas relacionadas coa produción de peixe e a conserva. O nivel socioeconómico é medio-baixo. A poboación vive con certa dispersión, aínda que hai pequenos po-

bos o que inflúe a nivel de acceso a servizos como poden ser as telecomunicacións, dado que non chega conexión telefónica e fibra a parte dos domicilios.

- A relación coas familias é especialmente dinámica na maioría dos casos, e especialmente coa ANPA. O alumnado, tendo en conta as etapas educativas que se escolarizan é variado, integrado e colaborativo. Sinalar que o centro ten tradición na escolarización de alumnado con Necesidades Educativas Especiais, sendo unha das nosas liñas prioritarias a atención á diversidade e a integración, así como a igualdade entre homes e mulleres, o respecto á diversidade racial, cultural e relixiosa. Nos últimos cursos estase a fomentar a colaboración e comunicación recíproca familia-escola.
- A relación con outros centros próximos, do propio concello e concellos limítrofes é fluída e colaborativa, así como con outras institucións como o Concello de Carnota, asociacións como Sonlila, comunidades de montes, etc.
- O Plan Dixital contribuirá á dar resposta aos plantexamentos metodolóxicos propostos no PEC do Centro, a través dunha actualización a través formación do profesorado que permita unha implantación de novas metodoloxías activas baseadas no emprego das novas tecnoloxías. O centro xa forma parte da Rede de Centros EDIXGAL e participa no PLAMBE, o que posibilita novas ferramentas pedagóxicas e metodolóxicas.
- A pretensión deste Plan dixital é contribuír tamén a favorecer cambios metodolóxicos e aportar ferramentas que contribúan activamente a solventar as dificultades e necesidades que se reflectan na memoria final deste curso no momento de elaborar a Programación Xeral Anual para o curso 2022/23.
- Tamén contribuirá a organizar e sistematizar procesos que implican as novas tecnoloxías como son o emprego das mesmas para o aloxamento e difusión de documentación do centro, tales como o Protocolo de actuación ante o SARS-COVID19, información sobre procedementos administrativos, programacións didácticas e outros documentos do centro.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este plan xorde por un lado da necesidade do centro de ter o documento tal e como se establece a lexislación vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 dentro da Estratexia Galega de Educación Dixital 2030.*
- Por outro lado, os retos actuais dos centros educativos, dentro do marco europeo da competencia dixital, o marco europeo para as organizacións educativas dixitalmente competentes e o marco europeo da competencia dixital para as e os cidadáns, pon tamén de manifesto as carencias do noso centro nesta materia.
- *Ademais, a próxima implementación das modificacións do currículo establecidas na LOMLOE, fan evidente a necesidade da reflexión e da posta en marcha de medidas a nivel de centro para dar resposta ás novas necesidades que permitan a formación integral do noso alumnado.*

1.4. Proceso de elaboración

No centro creouse un grupo de traballo dentro do Plan de Formación do Profesorado do centro, que xunto co asesoramento da mentora da Rede Galega Dixitalgal estableceu as reunións de traballo precisas, adecuando os tempos á posta a disposición dos centros das ferramentas SELFIE e o Test CDD que foron referentes para establecer o punto de partida. Tamén compre sinalar o emprego da Aula virtual do centro, Agueiro e Abalarbox como ferramentas de apoio.

- 1º trimestre: co asesoramento da mentora do ADIX Vimianzo, Patricia Túnez, realizouse a avaliación inicial, primeiro cunha valoración do equipo do plan de formación e despois co emprego da ferramenta SELFIE, así como sesións de asesoramento e videoconferencias por parte do ADIX Vimianzo.
- 2º trimestre: Fíxose a valoración dos resultados SELPHIE e empregouse o test CDD para coñecer a competencia dixital do profesorado do centro, continuando o asesoramento do ADIX Vimianzo.
- 3º Trimestre: continuación da formación e asesoramento por parte do ADIX Vimianzo, e elaboración do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- A dotación do centro procede en gran parte da dotación procedente da Consellería de Cultura, educación e universidade, outra parte de adquisición por parte do centro e tamén de doazóns e empréstitos. O material está debidamente inventariado pero na súa meirande parte está anticuado e deteriorado, adocendo parte del de capacidade para soportar as esixencias dos sistemas operativos e programas, desgaste por uso (lámpadas e óptica de

proxectores) e de falla de funcionalidade plena (PDI que non funcionan a nivel táctil e so serven como pantallas).

- O centro conta cunha aula adicada ás novas tecnoloxías con 20 postos de acceso (ordenadores ou estacións dun servidor), aínda que equipos e sistemas operativos soen dar problemas de funcionamento que fan que o seu uso sexa moito menor do esperado. A falta da figura de responsable de mantemento da aula de informática con formación que poida ter contemplado no seu horario un tempo diario para adicarlle a estes equipos, fai que moitos docentes non fagan uso deste recurso.
- Na biblioteca hai 4 ordenadores a disposición do alumnado, Ademais conta cunha mesa interactiva (pantalla táctil de 65" con soporte regulable).
- Na maioría das aulas dispónse de ordenador para o profesorado, proxector e PDI. Parte destes equipos proceden de doazóns ou de adquisición. Algúns deles dan problemas, tanto os ordenadores como os proxectores con problemas na calidade da imaxe non debidos ás lámpadas, así como PDI que non responden na función táctil. Ademais, é moi frecuente problemas de funcionamento dos ordenadores polo que regularmente hai que demandar asistencia técnica, facer cambios de equipos duns espazos con menos uso para as aulas, etc.
- O centro conta tamén con 8 tablets adquiridas polo centro, 3 delas de uso exclusivo para o alumnado con NEE.
- A nivel de conectividade, tódalas aulas contan con punto de acceso wifi para a rede edu.xunta e abalar, aínda que moitos equipos dan problemas no momento de conectarse. Cóntase ademais con dous puntos de acceso á rede wifi ED_15002761, pero estes están no corredor polo que en parte das aulas non hai cobertura. Moitas veces o profesorado debe recorrer a empregar datos desde o seu móbil.
- Cóntase ademais con 6 equipos para casos derivados da continxencia por COVID para o empréstimo ao alumnado sen recursos dixitais ou conectividade no domicilio.

Entre os Servizos dixitais educativos cabe destacar que contamos cunha páxina web activa e que se adoita actualizar, especialmente para cuestións informativas. Ademais a aula virtual do centro está activa e con todo o alumnado matriculado. O centro xa emprega espazoAbalar para a comunicación coas familias que practicamente na totalidade teñen instalado Abalarmóbil. Tamén contamos con conta en Agueiro, aínda que pouco operativa de momento e que necesita de difusión.

Mantemento e Asistencia Técnica:

- Cando é posible adoita facerse dende o centro, mesmo polo persoal docente, como en negocios próximos de reparación (para equipos que non contan con soporte técnico da UAC por non ser de dotación da Consellería). Na maioría dos casos acódesse aos servizos da

Unidade de Atención a Centros (UAC), tanto para problemas con equipos procedentes da dotación institucional como para problemas relacionados coa conectividade ou de funcionamento de ferramentas tecnolóxicas institucionais.

- Nun primeiro momento a valoración dos problemas técnicos faina o propio profesorado, sendo moitas veces algún mestre o que procura solucionar a incidencia moitas veces coa axuda de tutoriais de axuda online. De non ser posible se recorre á Unidade de Atención a Centros (UAC), aínda que na maioría das ocasións repercute en primeiras actuacións por parte do director de comprobación orientada desde a UAC, situación que perturba o funcionamento do centro. En caso de equipos que non proceden da dotación da Consellería, vólórase o envío a empresas de servizo técnico, pero estas atópanse fora do noso Concello e implica xa custos de desprazamento ou a voluntariedade de que alguén traslade ao servizo técnico os equipos para valoración e reparación.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	
A -Liderado	Equipo Direct.	2,5	
	Profesorado	3,2	
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1,8	
	Profesorado	2,8	
	Alumnado	3,8	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,2	
	Profesorado	2,7	
	Alumnado	3,7	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3	
	Profesorado	4	
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	2,2	
	Profesorado	3,8	
	Alumnado		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	1,8	
	Profesorado	3,2	
	Alumnado	3,6	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,7	
	Profesorado	3,2	
	Alumnado		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1,8	
	Profesorado	3,1	
	Alumnado	4	

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
--	-------------------------------	-----------------------	-----------------

DEFINITIVO	<u>10</u>	<u>12</u>	<u>83,3%</u>
PROVISIONAL	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>4</u>	<u>25%</u>
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>3</u>	<u>0%</u>
DESPRAZADO	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>67,1</u>	<u>B1</u>	<u>76,4</u>	<u>B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	<u>60,6</u>	<u>A2</u>	<u>68,2</u>	<u>B1</u>
EP	<u>66,5</u>	<u>B1</u>	<u>77</u>	<u>B1</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>2</u>	<u>18,2%</u>
A2	<u>4</u>	<u>36,4%</u>
B1	<u>3</u>	<u>27,3%</u>
B2	<u>1</u>	<u>9,1%</u>
C1	<u>1</u>	<u>9,1%</u>
C2		
TOTAL	<u>11</u>	<u>100,1%</u>

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------

CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C8. A participación en EDIXGAL xunto coa doazón dalgúns equipos permite contar con equipos para a aprendizaxe</p> <p>Aula de informática con 18 postos de acceso Aulas de niveis con equipamento (PDI, Proxector e ordenador con conexión Biblioteca con 4 ordenadores para uso por parte do alumnado Equipos abalar e tablets para uso en aulas a disposición do profesorado para empregar co seu grupo Participación no PLAMBE</p>	<p>C1-C2-C3 Equipamento e acceso a internet. Equipos anticuados, con moitos fallos habituais de funcionamento, deficiente conexión por cable ou wifi. C5 -Asistencia técnica, moitas veces remota que ocupa o tempo da dirección do centro.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>D2 Boa parte do profesorado participa na formación contínua do profesorado, a través do PFPP e a participación en cursos</p> <p>Parte do profesorado obtivo nivel B2 e nun caso C1 no test CDD</p> <p>Maioría do profesorado con destino definitivo no centro</p> <p>Gran parte do profesorado xa emprega ferramentas tecnolóxicas institucionais</p>	<p>C7- Protección de datos. Uso deficiente ou escaso de recursos corporativos (abalar pro, agueiro,...) por parte do profesorado ou sen aproveitar o potencial dos mesmos. Falla de formación básica para configurar equipos (conexión á rede, aplicativos, axustes de sistema) especialmente na contorna Abalar Alta porcentaxe do profesorado en idade próxima á xubilación desmotivado ante os novos retos Alta porcentaxe con nivel B1 ou inferior no test CDD Falta de persoa responsable con formación e disponibilidad horaria para resolver problemas técnicos mesmo con asistencia remota da UAC</p> <p>Descoñecemento dunha “netiqueta” básica</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		<p>Moi pouco persoal non docente e sen formación en novas tecnoloxías Este persoal non emprega nin ten acceso a ferramentas institucionais</p>

	ALUMNADO	H Interese do alumnado e a alta porcentaxe de alumnado con recursos tecnolóxicos na casa	Diferente nivel de experiencia previa coas novas tecnoloxías, en función das posibilidades socioeconómicas. Experiencia coas novas tecnoloxías sen supervisión e control por parte de adultos. A idade do alumnado impide que poidan contar cunha conta de correo electrónico, o que limita a proposta de actividades Falla de formación e experiencias en ferramentas como Aqueiro
	FAMILIAS	A maioría das familias ten instalado Abalar Móbil e o emprega para a comunicación bidireccional	A falta de tempo e a difícil conciliación para acompañar ao alumnado no fogar. Desigual emprego de aplicativos á súa disposición (Abalar Móbil) especialmente entre proxenitores (a maioría dos usuarios son as nais) Desigual formación das familias no emprego das novas tecnoloxías, normas básicas de seguridade, etc.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O PFPP do centro que xa conta cunha liña enfocado á Competencia Dixital Docente. Variedade de recursos tecnolóxicos procedentes de dotación, doazóns e adquisición propia Implementación de recursos e ferramentas institucionais promovidos dende o Equipo Directivo	A1 Falta dunha estratexia dixital A4 Falta de tempo para explorar a ensinanza dixital A5 Pouco emprego de software libre, ferramentas non corporativas, servidores externos. Falta dun plan de comunicación do centro efectivo

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	O programa Edixgal, xunto con outras iniciativas facilitan a implementación das novas tecnoloxías A oferta de programas educativos	C5 Asistencia técnica que exclúe equipos non procedentes da dotación da propia Consellería, que supón restar recursos educativos mesmo só en presupostar arranxos.

		como o Plan para a mellora da convivencia	Falla de reposición de equipos avariados e dados de baixa, así como de substitución dos equipos obsoletos. Propostas de formación suxeitas á voluntariedade do profesorado Instauración da tarxeta dixital do persoal docente sen rematar
LEXISLACIÓN		O cambio lexislativo que supón o cambio do currículo que esixirá o emprego de novas ferramentas e a formación correspondente	A propia lei do menor e a lei de protección de datos, xunto coas etapas educativas dun CEIP limitan implementar actividades na aula. Falla de lexislación que contemple a figura de responsable TIC con recoñecemento no horario de tempo para o desempeño das funcións propias. Especialmente de modificación e actualización do ROC Normativa que limita a adquisición de equipamentos por parte dos centros de EI e EP Normativa sobre constitución de equipos, que regula a existencia dos mesmos pero non establece canles para obrigar ao profesorado a pertencer a ditos equipos, o que supón sobrecarga en parte do profesorado con mellor vontade.
CONTORNA		Posibilidade de colaboración con empresas consolidadas na zona	A dispersión dos fogares, quedando moitos fora de cobertura por fibra e mesmo con dificultade con outros sistemas. A realidade social das familias, cun nivel socioeconómico medio-baixo, que limita o acceso ás novas tecnoloxías
ANPA			A boa disposición para colaborar co centro, desde a difusión de iniciativas e información, proposta de actividades, etc.

	OUTRAS ENTIDADES		A colaboración desde os Servizos Sociais do Concello que axudan ás familias con menos recursos incluso na dotación de tecnoloxía dixital
--	-------------------------	--	--

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

A proposta parte da realidade actual do centro, tentando actuar sobre aqueles aspectos nos que os indicadores dan resultados máis baixos, e cunha perspectiva obxectiva e alcanzable nun curso, evitando expectativas moi altas dado que somos conscientes de que o primeiro ano de aplicación será máis complicado dada a inexperiencia ante o reto.

Tentamos planificar aqueles que entendemos máis prioritarios, pero é obvio que teremos que plantexar no futuro outros plans de acción distintos e que foron relegados atendendo a ditas prioridades.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboa1: Protección de datos, licenzas e dereitos de autor

“Área/s de mellora”:						
1 OBXECTIVO :	C7: Establecer nocións básicas sobre a protección de datos e os dereitos de autor entre o profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC e responsable de formación				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% profesorado que cita a fonte de recursos licenzas de programas empregados nas súas produccións dixitais.					
Valor de partida	0% do profesorado fai cita as fontes de recursos e licenzas de programas					
Valor previsto e data	70% do profesorado fai cita as fontes de recursos e licenzas de programas			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1:Debatir sobre as licenzas, dereitos de autor e deber de cita	Equipo Tics	30/09/2022	Debate- sala de mestres		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaborar un decálogo sobre os dereitos de autor, licenzas e deber de cita	Equipo Tics	01/12/2022	Reunións profesorado equipo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.3: Elaborar un díptico sobre normas de netiqueta básicas para profesorado e alumnado para uso en aula	Equipo Tics, Titó-rías Primaria	01/03/2023	Reunións de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Elaborar un ti-torial sobre a protec-ción de datos	Equipo directivo	01/05/2023	Lexislación-reunións de traballo-Agueiro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Realizar enqui-sa sobre emprego ci-tas de autor e licen-zas nas producións do profesorado	Equipo Tics	01/06/2023	Abalarbox		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 2: Ferramentas institucionais

“Área/s de mellora”:							
2. OBXECTIVO :	A1: Implementar o emprego de ferramentas institucionais e software libre entre o profesorado					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% profesorado que empregue as ferramentas institucionais e recursos de software libre propostos (correo corporativo, aula virtual, ageiro, espazo-abalar, abalar-pro)						
Valor de partida	10%						
Valor previsto e data	80%					Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO2.1:Elaborar unha enquisa sobre o uso do software libre e ferramentas institucionais na aula e na comunicación co centro e familias	Equipo Tics	30/09/2022	Enquisa-abalarbox		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
					Realizada		

A02.2: Elaborar un curso na Aula virtual sobre Software libre na educación básico e as ferramentas institucionais	Equipo Tics e equipo directivo	01/12/2022	Aula virtual		Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Crear un grupo de traballo/seminario dentro do PFPP do centro sobre Ferramentas institucionas básicas	Equipo Tics, equipo directivo, coordinador PFPP e CFR	01/06/2022	CFR, aula virtual, FPPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Analizar a implantación das ferramentas institucionais entre o profesorado	Equipo Tics	01/06/2023	Enquisa en Abalarbox		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3. Asistencia técnica no centro

“Área/s de mellora”:						
3. OBXECTIVO :	C5: Dispoñer de asistencia técnica suficiente no centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Existencia de persoa coordinador/a TIC con perfil técnico					
Valor de partida	Non existen asistencia técnica no centro cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais					
Valor previsto e data	Existe asistencia técnica no centro cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1:Reorganizar horarios, con dispoñibilidade horaria para a coordinación TIC	Equipo directivo e inspección educativa	01/10/2022	Persoa coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A03.2: Achegar a posibilidade de formación e organización e de formación técnica para os membros do equipo TIC	Coordinador/a TIC, equipo directivo	30/01/2023	Recursos formativos en liña, CAFI, CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Elaborar un cadro de rexistro de incidencias técnicas con revisión semanal	Coordinador/a TIC	30/09/2022	Persoa coordinadora Secretaría		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnológicas

Instalación e rede:

O centro conta con puntos de acceso wifi en tódalas aulas e espazos destinados ao uso docente, así como na sala de mestres. Este tipo de acceso non permite o acceso a equipos de uso común.

Varias aulas, a sala de mestres, sala de informática, bibiloteca e espazos administrativos contan tamén con acceso por cable, aínda que o número de puntos resulta moi xusto.

Equipos informáticos:

Ordenadores de sobremesa: 18, dos cales 3 están avariados. 6 deles datan do 2002 e o máis recente é do 2017.

Ordenadores portátiles: 15 equipos. Algúns datan do 2006. Adoecen de problemas coa batería, problemas de teclado, etc. No proceso de elaboración deste documento adquiríronse 4 equipos para a Biblioteca. Non se contabilizan equipos procedentes de EDIXGAL.

Notebook abalar: 15 equipos recibidos sen garantía nen asistencia técnica para uso en aulas.

Equipamento EDIXGAL: non se contabiliza ao non depender do centro.

Proxectores - PDI: contamos con 13 espazos con proxector e PDI, aínda que algunhas PDI xa non funcionan como pantallas táctiles. Os proxectores son suficientes.

As necesidades de equipamento serán obxecto dun plan de acción noutro curso dado que non ten a máxima prioridade para o centro ao entender que sen formación básica a dotación non soluciona os problemas.

É necesaria e urxente solucionar a conectividade de equipos portátiles nas redes wifi facilitando usuario e contrasinal a nivel de grupo aula, dado que a idade do alumnado dificulta que se poidan loguear cada vez que queren empregar un equipo compartido nos cursos que non son EDIXGAL. Tamén para os equipos compartidos da biblioteca, equipos portátiles que de momento teñen que estar conectados por fío o que limita o emprego nos distintos recunchos da biblioteca.

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.